

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA EXPERIENCIA
CURRICULAR DE DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO CLIMÁNTICA.
I.E.S. DE ARZÚA**



Memoria feita polo GRUPO CLIMÁNTICA DO I.E.S. DE ARZÚA:


Juán José Díaz Romero

Carlos Iglesias Ramos

M^a José González Fernández

Pablo A. Pía Castiñeira

M^a José Rey López



Estructura de contidos da memoria descritiva da experiencia curricular

1.- Datos Técnicos

- 1.a) Título da Experiencia Curricular
- 1.b) Cursos implicados
- 1.c) Departamentos Didácticos implicados e datos do profesorado
- 1.d) Materias implicadas e relacións cos seus currículos
- 1.e) Outros aspectos singulares en relación ao proxecto educativo e a organización escolar

2.- Fundamentación no marco de Climántica

- 2.a) Relacións co cambio climático e coa educación ambiental
- 2.b) Recursos de Climántica que se empregaron
- 2.c) Observacións sobre a aplicación do proxecto Climántica nestta experiencia curricular

3.- Obxectivos

4.- Contidos

5.- Metodoloxía

6.- Actividades

7.- Recursos


8.- Avaliación

- 8.a) Criterios de avaliación
- 8.b) Técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación
- 8.c) Resultados, valoración e conclusións

9.- Breve descrición sobre a implicación da comunidade educativa e sobre as interrelacións nivelares e disciplinares

10.- Fichas técnicas numeradas de cada un dos traballos

11.- Anexos



1.- Datos Técnicos

1.a) Título da Experiencia Curricular

“A CLIMÁNTICA DE ARZÚA”

1.b) Cursos implicados

- Primeiros da ESO (1º A, B e C), a participación desenvolveuse a través das materias de Educación Física, Ciencias Naturais, Lingua Castelá e Literatura, Proxecto Interdisciplinar e Lingua Galega e Literatura.
- Segundos da ESO (2º A e B), a participación centrouse no Obradoiro de Dinamización desenvolvido por Sabela, e polo fomento na participación no II Concurso Climántica.
- Terceiros da ESO (3º A, B e C), a súa participación desenvolveu o núcleo principal do Proxecto Climántica do IES de Arzúa, xa que pola súa implicación e comportamento, foi o nivel ao que se lle ofertou de maneira principal a participación no Proxecto. Participaron un máximo de trinta alumnos/as dos tres cursos, e as principais actividades que desenvolveron foron as PATRULLAS CLIMÁNTICAS e os XANTARES CLIMÁNTICOS (con todas as actividades que de eles xurdiron).
- Cuartos da ESO (4º A e B), a súa participación desenvolveuse a través da materia de Bioloxía e Xeoloxía, fomentando a elaboración de traballos para o II Concurso Climántica.


1.c) Departamentos Didácticos implicados e datos do profesorado

Departamento de Educación Física: Pablo A. Pía Castiñeira

Departamento de Ciencias Naturais: María José González Fernández

Departamento de Lingua Castelá e Literatura: María José Rey López

Departamento de Agraria: Juan José Díaz Romero e Carlos Iglesias Ramos



1.d) Materias implicadas e relacións cos seus currículos


Educación Física: a vinculación do Proxecto co currículo desta materia céntrase no desenvolvemento de dous grandes bloques de contidos que son comúns ao longo de toda a etapa da ESO, a saber: Bloque 3. Expresión corporal, e Bloque 4. Actividades no Medio Natural.

Ciencias Naturais: a vinculación do Proxecto co currículo desta materia queda refectida para 1º da ESO nos Bloques de contidos: 3.Materiais terrestres: atmosfera, hidrosfera e xeosfera; e 4. A vida na Terra: os seres vivos. Para 2º da ESO nos Bloque de contidos: 2.Materia e enerxía; e 5. Ambiente: o ambiente natural. Para 3º e 4º da ESO na materia de Bioloxía e Xeoloxía a vinculación co Proxecto a nivel curricular queda reflectida no Bloque de contidos:3. As persoas e o ambiente; e para 4º da ESO na mesma materia o Bloque 4.As transformacións nos ecosistemas.

Lingua Castelá e Literatura: a vinculación do Proxecto co currículo desta materia céntrase no desenvolvemento dun bloque de contidos que é común ao longo de toda a etapa da ESO, a saber: 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

1.e) Outros aspectos singulares en relación ao proxecto educativo e a organización Escolar

O aspecto singular mais salientable en relación co desenvolvemento do Proxecto Climántica no IES de Arzúa, xurde dunha característica propia do centro e é que nel se imparten Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior da Familia de Actividades Agrarias. Isto permitiunos contar co asesoramento e participación de dous profesores especialistas en temas relacionados co Medio Ambiente. Esta característica permitiu a vinculación de dúas etapas educativas distintas, por un lado a ESO e por outro a Formación Profesional, o cal fixo a experiencia moito máis enriquecedora.



2.- Fundamentación no marco de Climántica

2.a) Relacións co cambio climático e coa educación ambiental

O Proxecto desenvolvido no IES de Arzúa, ten unha clara relación co Cambio Climático e coa Educación Ambiental xa que, as particulares características do centro, fan que exista unha sensibilidade especial. No noso centro, impártense Ciclos Formativos tanto de Grao Superior como Medio da Familia de Actividades Agrarias, o cal lle proporciona unha serie de instalacións (ferramentas, fincas, invernadoiros, laboratorios, etc.), e profesorado.


Por outro lado, a propia filosofía do Diseño Curricular de Base de cada materia, ao ser aberto e flexible, permite que as sucesivas concrecións que dél se deben facer no centro (segundo e terceiro nivel de concreción curricular), se axusten ao marco do Proxecto Climántica. Mais adiante, nos apartados de obxectivos e contidos, podemos ver claros exemplos desta concreción.

Podemos destacar materias como Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía, onde hai contidos claramente relacionados co Cambio Climático e a Educación Ambiental. Referente a este último, temos que dicir que un dos Temas Transversais que se abordan no proceso de ensinanza-aprendizaxe é a Educación Ambiental. Existen outras, como por exemplo a Educación Física, que aínda que o seu bloque de contidos fai referencia as Actividades no Medio Natural, no espírito do contido pódese apreciar a preocupación polo respecto e conservación do Medio Natural, empregando este como unha opción para ocupar o tempo de lecer de forma activa.

2.b) Recursos de Climántica que se empregaron

De tódolos recursos empregados para o desenvolvemento do Proxecto Climántica no noso centro, os que foron proporcionados por Climántica foron:

- Material multidisciplinar para ESO "Climaeucambio".
- Unidade Didáctica 1. Cambia o Clima?
- Comic: Palmira e Marcial, odisea medioambiental
- Obradoiro de Dinamización



- Blogue: ies.dearzua@climantica.org
- Prácticas de meteoroloxía e contaminación do "Curso de perfeccionamento do profesorado Climántica-USC: competencias dixital e de aprender a aprender".
- Estación meterolóxica do IES de Arzúa.

2.c) Observacións sobre a aplicación do proxecto Climántica nesta experiencia curricular

A observación máis salientable a facer dentro da aplicación do Proxecto Climántica na nosa experiencia curricular, é a colaboración entre dúas Etapas tan distintas do Sistema Educativo, a ESO e a Formación Profesional.


Outra observación a ter en conta é a gran participación do alumnado en tódalas actividades propostas polo Grupo de Climántica do Centro, así como a boa acollida que pola comunidade educativa tiveron a maioría destas.

Cabe salientar a enorme participación no II Concurso Climántica e o interese posto polo alumnado, claramente reflectido na cantidade de premios acadados polo centro, cinco en total, en diferentes categorías.

Debemos ter en conta tamén que o Grupo Climántica actuamos con certa cautela no sentido de ofertar a participación no Proxecto contemplando os niveis como departamentos estancos, para evitar o posible colapso do mesmo en caso dunha participación masiva.

3.- Obxectivos

- 1.- Realizar actividades no medio natural que teñan baixo impacto ambiental, contribuíndo á súa conservación.
- 2.- Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa.
- 3.- Comprender e utilizar as estratexias e os conceptos básicos das ciencias da natureza para interpretar os fenómenos naturais, así como para analizar e valorar as repercusións do desenvolvemento científico e das aplicacións tecnolóxicas.



- 4.- Comprender e expresar mensaxes con contido científico utilizando diferentes linguaxes como oral, escrita, gráfica, icónica, multimedia, etc. con propiedade, así como comunicar a outros argumentacións e explicacións empregando os coñecementos científicos.
- 5.- Buscar e seleccionar información sobre temas científicos utilizando diferentes fontes e medios e empregala, valorando o seu contido, para fundamentar e orientar os traballos sobre temas científicos e o ambiente, así como para contrastar as opinións persoais.
- 6.- Comprender a importancia de utilizar os coñecementos provenientes das ciencias da natureza para satisfacer as necesidades humanas e participar na necesaria toma de decisións verbo de problemas locais e globais aos cales nos enfrontamos.
- 7.- Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conducta.
- 8.- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- 9.- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.


4.- Contidos

A secuenciación dos contidos desenvolvidos a través do Proxecto Climántica no noso centro, relaciónanse a continuación distribuídos por materias:

Educación Física

Expresión corporal

- Experimentación de actividades expresivas orientadas a favorecer unha dinámica positiva do grupo. O cambio climático
- Disposición favorable á desinhibición nas actividades de expresión corporal.
- Aceptación das diferenzas individuais e respecto ante a execución das tarefas por parte doutras persoas.



- Realización de movementos corporais globais e segmentarios cunha base rítmica, combinando as variables de espazo, tempo e intensidade, destacando o seu valor expresivo. O climoxornal.

Actividades no Medio Natural

- Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.
- Toma de conciencia dos usos adecuados no medio natural.
- Recoñecemento das actividades na natureza como actividades para recreación.
- Relación entre actividade física, a saúde e o medio natural.
- Participación na organización de actividades no medio natural de baixo impacto ambiental, no medio terrestre. Procura e procesamento da información.
- Presentación de proxectos a compañeiras e compañeiros.

Ciencias Naturais


Materiais terrestres: atmosfera, hidrosfera e xeosfera

- Uso de instrumentos para medir variables ambientais (temperatura, presión atmosférica, humidade do aire, dirección do vento).
- Recolla sistemática de datos e representación gráfica deles.
- Identificación dos compoñentes da atmosfera e as súas propiedades.
- Recoñecemento do seu papel protector e a súa relación cos seres vivos.
- Valoración da influencia da actividade humana sobre a atmosfera e repercusións na saúde das persoas.

A vida na Terra: os seres vivos

Os seres vivos e a súa diversidade.

- Recoñecemento da biodiversidade e a clasificación dos seres vivos nos cinco reinos.
- Razóns da importancia da biodiversidade e a súa valoración como un patrimonio natural.
- Elaboración de informes sobre algunha especie en perigo de extinción ou dalgún espazo protexido próximo e formulación de propostas para contribuír á súa conservación.



Materia e enerxía

A enerxía nos sistemas materiais.

- Valoración do uso da enerxía na sociedade. Problemas asociados á intervención humana sobre o ambiente. Busca de información e valoración de medidas tanto individuais como colectivas de eficiencia e aforro enerxético a curto, medio e longo prazo.
- Uso do termómetro para medir temperaturas. Diferenciación entre calor e temperatura.

Ambiente: o ambiente natural

- Aproximación aos conceptos de ecosistema e biosfera. Coñecemento da variedade de ecosistemas (biodiversidade) e a súa organización en biomas.

Bioloxía e Xeoloxía

As persoas e o ambiente

- Procura de información verbo dalgúns dos problemas ambientais globais, elaboración de informes e exposicións de resultados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. O Cumio da Terra en Río 1992 e o Tratado de Quioto. Aproximación ao concepto de sustentabilidade.

As transformacións nos ecosistemas.

A dinámica dos ecosistemas.


- Recoñecemento e valoración da formación e destrución do solo, do impacto dos incendios forestais, das especies invasoras e a súa relación coa evolución e a sucesión no ecosistema. Constatación da modificacións dos ambientes polos seres vivos e valoración da intervención humana.
- Investigación dalgún problema ambiental do contorno, e análise crítica a partir das achegas da ciencia. Valoración e comunicación de conclusións.

Lingua Castelá e Literatura

Comunicación escrita. Ler e escribir.

Produción de textos escritos.

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.




- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

5.- Metodoloxía

A metodoloxía didáctica que se empregou para o desenvolvemento do Proxecto Climántica no IES de Arzúa, desenvolveuse por diferentes camiños.

Por un lado, dende as diferentes materias implicadas no Proxecto transmitíronse os contidos didácticos, que dun xeito ou outro podíanse vincular con cada materia. E dicir, cando os contidos propios dunha materia (por exemplo Educación Física) permitían que a súa concreción na Programación de Aula incluíse contidos relacionados co Cambio Climático, éstos eran incluídos. Como exemplo podemos poñer a Educación Física, materia que a priori parece non ter que ver co Proxecto Climántica. Nesta materia hai un bloque de contidos como é o de Expresión Corporal, no que o alumnado debe ser quen de transmitir unha mensaxe a través do corpo e do movemento facendo unha coreografía apoiada, ou non, nunha música. A vinculación co Proxecto fíxose entón delimitando a temática da coreografía ó Cambio Climático ou ó Efecto Invernadoiro. Así as cousas, o alumnado tiña que transmitir a súa opinión sobre estes eventos por medio dunha coreografía. Isto obrigou a explicarlles (e nalgún caso lembrarilles o explicado noutras materias) ós alumnos os conceptos de Cambio Climático e de Efecto Invernadoiro, e eles puxeron en marcha a súa creatividade para facelo. Resultado diso son algunhos dos curtos presentados ao II Concurso Climántica (fichas nº 34, 36, 37, 38, 39 e 41) que contaron coa participación de varios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

O mesmo procedemento se tivo en conta nas outras materias que integraban o Proxecto como son Lingua Castelán e Literatura (fomentando a participación no apartado de Literatura do concurso), e sobre todo Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía, onde



algúns dos contidos teñen unha presenza relevante no seu currículo, e que deron xogo a múltiples traballos tanto na categoría de Póster coma na de Presentacións.

Por outro lado, os contidos desenvolvíanse no núcleo central do Proxecto Climántica, que non era outro que os Xantares Climánticos, onde se transmitían os conceptos máis relacionados ca temática do Proxecto, e se realizaban experiencias prácticas para aportar significatividade ao aprendido.

Por último, aínda que desenvolvido de xeito desigual, están os Proxectos Interdisciplinares que afectaban soamente a 1º da ESO, e que foi responsabilidade dos titores de cada curso.


No canto de favorecer a participación de tódolos niveis, e tendo en conta as características propias do grupo de alumnos, tomáronse as seguintes medidas:

- Para segundo da ESO, contactouse con Sabela para levar a cabo o Obradoiro de Dinamización.
- E para cuarto da ESO, centrouse no fomento da súa participación a través de traballos no II Concurso Climántica.

6.- Actividades

As actividades que foron desenvolvidas dentro do Proxecto Climántica no IES de Arzúa son:

- Xantares Climánticos. Estes foron desenvolvidos tódolos luns dende as 14:30 ata as 16:35 nas instalacións do IES. Os rapaces traían a súa comida. Logo de xantar, desenvolviamos os contidos establecidos para cada sesión, así como planificabamos as actividades a desenvolver durante a vindeira semana.
- Patrullas Climánticas. Desenvolvíanse ó longo de toda a semana durante os dous recreos diarios. Consistía en percorrer tódalas instalacións do centro revisando as situacións de consumo innecesario de enerxía tanto eléctrica como calorífica. No caso de atopar ditas situacións, as Patrullas informaban os "infractores", e poñían remedio á situación, rexistrando tanto gráficamente (foto) como por escrito, a hora e o lugar. Cada Patrulla das dúas que se formaba en cada recreo, estaba formada por dous alumnos/as e un profesor.




- Estación Meterolóxica. Dende os comezos do Proxecto, traballouse na recuperación e posta en marcha da antiga Estación Meterolóxica do IES. Unha vez rematados ditos traballos, establecéronse quendas para o rexistro diario dos datos de temperaturas máxima e mínima, humidade relativa e pluviosidade, na primeira hora da mañá. Ditos datos rexistrábanse nunha ficha de recollida de datos para o rematar o mes, ser remitidos a MeteoGalicia a través da páxina Web.
- Elaboración de traballos para o II Concurso Climántica. No transcurso dos Xantares Climánticos, parte dos contidos desenvolvidos foron a elaboración dalgúns dos traballos a presentar ao II Concurso Climántica. Algúns destes traballos, dos que logo se fai referencia, foron: O Climoxornal, O ClimoRap e A Entrevista a Gloria Rivas.
- Prácticas no Invernadoiro. Ademais da rehabilitación e acondicionamento do invernadoiro, desenvolvéronse no seu contorno algúns Xantares Climánticos. Logo do xantar, fixéronse algunhas prácticas de meteoroloxía e contaminación propostas no "Curso de perfeccionamento do profesorado Climántica-USC: competencias dixital e de aprender a aprender" como foron: Desxeo segundo os modelos Ártico e Antártico, Simulación do efecto invernadoiro e os Efectos da Chuvia Ácida.
- Xogos de cohesión grupal adaptados á temática do Proxecto. No derradeiro Xantar Climántico, desenvolvéronse unha serie de xogos como despedida do curso e remate do Proxecto. A temática dos xogos, versaba sobre o Cambio Climático.

7.- Recursos

Ademais dos recursos xa mencionados no apartado 2.b) desta memoria, empregamos outros propios do IES e/ou aportados polo profesorado do Grupo Climántica do IES de Arzúa. A saber son:

- Invernadoiro
- Ximnasio
- Salón de Actos
- Despachos, sas, pasillos e outras dependencias
- Patio
- Estación Meterolóxica
- Canón, Ordenador portátil, conexión a Internet



- Pavillón e material diverso de Educación Física
- Material funxible
- Videocámara
- Outros.

8.- Avaliación

8.a) Criterios de avaliación


Os criterios de avaliación que se estableceron para o Proxecto abranguen os tres grandes tipos de contidos, conceptuais, procedimentais e actitudinais:

- 1.- Coñecer as causas e os efectos máis salientables do Cambio Climático e o Efecto Invernadoiro.
- 2.- Participar de forma activa das diferentes actividades formativas englobadas no Proxecto.
- 3.- Elaborar traballos que sinteticen a súa visión sobre o Cambio Climático as súas causas e os seus efectos.
- 4.- Asistir con regularidade aos Xantares Climáticos, e colaborar nas Patrullas Climáticas.
- 5.- Amosar interese polo respecto e conservación do Medio Ambiente, así como valorar positivamente as accións persoais que poden ralentizar o Cambio Climático.

8.b) Técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do Proxecto foi feita en dous momentos. Unha avaliación inicial ao comezo do Proxecto, a través dunha proba oral consistente en valorar cal era o nivel de coñecementos do alumnado sobre os conceptos de Cambio Climático, Efecto Invernadoiro e Capa de Ozono, e a relación existente entre eles.

Ao final do Proxecto, fixemos unha avaliación final, repetindo o mesmo procedemento da avaliación inicial.



En canto aos instrumentos empregados foron: unha proba obxectiva oral, un rexistro anecdótico, unha lista de control de asistencia e os traballos de síntese.

8.c) Resultados, valoración e conclusións

Os resultados, a valoración e as conclusións do desenvolvemento da Experiencia Curricular dentro do marco do Proxecto Climántica no IES de Arzúa, tendo en conta todas as circunstancias que rodearon ao mesmo, non pode ser máis positiva. A asistencia ao I Congreso de Estudantes de Climántica de 51 persoas entre pais, alumnos e profesores do centro, creemos que é unha clara mostra do éxito que tivo a experiencia no noso centro.

Quizais a premura de tempo con que se desenvolveu o Proxecto, o cal nos fixo en determinados momentos ir contra-reloxio, seña a pega máis salientable a poñerlle a toda a experiencia.


Non podemos por máis que destacar a labor dinamizadora dos responsables de Proxecto Climántica que nos asesoraron, animaron e axudaron en todo momento para continuar ca Experiencia Curricular.

Pensamos, que nos queda unha asignatura pendente que non é outra que unha maior explotación do Blogue do centro, pero a verdade é que nesta primeira experiencia a cousa non deu para máis.

Queremos agradecer dende estas liñas a tódolos/as aqueles que nalgún momento se preocuparon por cómo íamos co Proxecto e polo seu ánimo desinteresado.

9.- Breve descripción sobre a implicación da comunidade educativa e sobre as interrelacións nivelares e disciplinares

A interdisciplinidade acadada no Proxecto que desenvolvemos no IES de Arzúa, amosa que non só se pode conquistar entre materias dentro dunha mesma Etapa, senon que tamén se pode acadar entre Etapas distintas, neste caso a ESO e a Formación Profesional. Unha vez rematado o Proxecto, queda demostrado que non só é posible, senon que ademais é sinxelo, conquistar a concreción dos contidos prescriptivos das diferentes materias para abordar a ensinanza dos contidos do Proxecto Climántica.



No noso caso, non desenvolvimos os traballos de xeito inter-nivel, xa que preferimos contemplalos coma departamentos estancos para unha maior sinxeleza organizativa.


En canto á implicación da comunidade educativa, debemos destacar a colaboración brindada polo Equipo Directivo do Centro, poñendo á nosa disposición tódalas instalacións e permisos necesarios para o desenvolvemento do Proxecto no centro.

10.- Fichas técnicas numeradas de cada un dos traballos

Título: <i>A man do home na terra</i>	01
Nome dos participantes: <i>Álvaro Castro Cajade, Uxío Pardo Rodríguez e Xaquín Montero Álvarez</i>	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster
Breve descripción: <i>Influencia da acción humana no medio natural, facendo unha análise comparativa empregando imaxes.</i>	

Título: <i>O oso polar</i>	02
Nome dos participantes: <i>Tamara Fernández Gil, Martina Amboage Pallas e Silvia Duro Couso</i>	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster
Breve descripción: <i>Por culpa do desxeo os osos polares afogan na auga e desaparecen.</i>	

Título: <i>Koala</i>	03
Nome dos participantes: <i>Lucía Quintela Santos e Rocío Ramos Lamela.</i>	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster
Breve descripción: <i>Hai moitos animais en perigo de extinción e nos eliximos o Koala, pola súa relación co cambio climático.</i>	




Título: O lobo cerval		04
Nome dos participantes: Marta Taboada López e Alicia García Cascón		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Hai moitos animais en perigo de extinción e nos eliximos o linxe, pola súa relación co cambio climático.		

Título: O desmán		05
Nome dos participantes: Carlos Ramos Fuentes e Noelia Puga Enjamio		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: É un póster que explica a vida del e as súas características. Ademais das súas curiosidades. Como o cambio climático inflúe na súa vida.		

Título: Os liques como bioindicadores		06
Nome dos participantes: Rubén Pereira Rodríguez, Arantxa Castro Iglesias e Sara Ces Camino		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Como a partires de pequenas observacións podemos ver o cambio do clima e a nosa influenza.		

Título: O mundo en relevo de hoxe en día (premiado)		07
Nome dos participantes: Jessica Méndez Lema, Vanesa Quintela Ribadulla e Marilina Ayelén Pampín Baso		
Curso: 4º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Un póster que representa a Terra con relevo e un conxunto de fotos que mostran o cambio producido no noso planeta por este feito chamado Cambio Climático.		




Título: Enerxía en cores		08
Nome dos participantes: Óscar Pereiro Carril, Vicente Vázquez Vidal e María Jesús Pérez Pena		
Curso: 4º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Plasmación nunha cartolina das diferentes enerxías renovables cun estilo esperpentista. Inspiración dos queixos dos tribal.		

Título: O cambio climático		09
Nome dos participantes: Raquel Vázquez Varela, Jenifer Giadás Gil e Alba Freire Varela		
Curso: 2º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: O noso traballo quere dar a ver tódolos cambios que se producirán polo cambio climático.		

Título: O cambio climático		10
Nome dos participantes: Vanesa Vázquez Vidal e Cristina Pérez López		
Curso: 2º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Como era o clima de antes e o de agora, e o que pensan as persoas maiores ao respecto.		

Título: O oso preguiceiro e o cambio climático (premiado)		11
Nome dos participantes: Xaquín Montero Vázquez e Uxío Pardo Rodríguez		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Póster	
Breve descripción: Influencia do cambio climático na extinción do oso preguiceiro.		




Título: A deforestación	12
Nome dos participantes: Katia Carrillo Vázquez e Andrea Taboada Méndez	
Curso: 2º ESO	Modalidade: Presentación
Breve descripción: Imos montar unha presentación en WordPad describindo a deforestación e a súa relación co cambio climático.	

Título: Causas, efectos e solucións	13
Nome dos participantes: Alba Fariña Moscoso	
Curso: 2º ESO	Modalidade: Presentación
Breve descripción: Baséase na explicación de causas, efectos e ó final danse algunhas solucións coas que podemos colaborar a diminuír o cambio climático.	

Título: Reciclado produtos no centro	14
Nome dos participantes: Tamara Jarazo García, Marta Lago Vázquez e Andrés Mosteiro Ortíz	
Curso: 3º ESO	Modalidade: Presentación
Breve descripción: Pequena mostra sobre o reciclado de residuos no noso taller dende a materia de Iniciación á mecánica.	

Título: Os profes tamén poden	15
Nome dos participantes:	
Curso: 3º ESO	Modalidade: Entrevista
Breve descripción: Unha pequena entrevista a unha profesora do centro porque conseguiron que no seu Departamento non se empregue o papel nin por parte dos alumnos nin por parte dos profesores.	




Título: <i>O cambio Climático (premiado)</i>		16
Nome dos participantes: Álvaro Castro Cajade, Sergio Cea Ares e Uxío Pardo Rodríguez		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Cómico	
Breve descripción: É unha historia narrada en primeira persoa de un planeta chamado Terra, que está enfermo pola mala cabeza dos humanos, o seu inimigo número un.		

Título: <i>A contaminación das fábricas</i>		17
Nome dos participantes: Xaquín Montero Vázquez		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Cómico	
Breve descripción: Reflexiona sobre o efecto contaminante das fábricas como causa do cambio climático e o desexo.		

Título: <i>O Cambio Climático</i>		18
Nome dos participantes: Patricia Villar Parrado		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Poesía	
Breve descripción: Fala do cambio climático e os seus efectos, e anima a facer o posible para evitalo empezando por ela mesma.		

Título: <i>Acróstico do cambio climático (premiado)</i>		19
Nome dos participantes: Álvaro Castro Cajade		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Poesía	
Breve descripción: Grito desesperado que nos anima a rematar co cambio climático, manifestando co lema "Cambio Climático Oponte Xa!".		




Título: O bosque	20
Nome dos participantes: Sergio Cea Ares	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Poesía
Breve descripción: Fala do desexo de evitala queima, seca e tala das árbores do bosque.	

Título: A choiva	21
Nome dos participantes: Leticia Ramos Agra	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Poesía
Breve descripción: Fala do fermosa que é a choiva para o ecosistema.	

Título: A natureza é vida	22
Nome dos participantes: Silvia Duro Couso	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Poesía
Breve descripción: Intenta facer entender que non haberá futuro se non coidamos a Terra.	

Título: Sécanse as fontes e destrúense as pontes	23
Nome dos participantes: Daniel Otero Pérez	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Narrativa
Breve descripción: Narra unha historia que pretende que nos decatemos de que somos uns irresponsables e se o seguimos sendo o planeta morrerá.	




Título: Os elementos e a contaminación	24
Nome dos participantes: Carlos Ramos Fuentes	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Narrativa
Breve descripción: É un relato que trata sobre o mal que lle facemos ao planeta.	

Título: El tiempo y yo	25
Nome dos participantes: Carlos Ramos Fuentes	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Narrativa
Breve descripción: Fala de como inflúe o tempo no meu estado de ánimo.	

Título: El tiempo y mis sentimientos	26
Nome dos participantes: Noelia Puga Enjamio	
Curso: 1º ESO	Modalidade: Narrativa
Breve descripción: Fala de como lle troca o humor co tempo.	

Título: El planeta tiene fecha de caducidad	27
Nome dos participantes: Yolanda Rial Blanco	
Curso: 3º ESO	Modalidade: Narrativa
Breve descripción: Esta narración fala de como algunhas das nosas accións habituais contribúen o quecemento global.	




Título: As Patrullas Climánticas		28
Nome dos participantes: Alba Andrade Vázquez, Raquel Carracedo Porto e Adrián Enjamio Regueiro		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: A narración fala de qué son e cómo funcionaron as Patrullas Climánticas no noso centro.		

Título: Climántica no meu centro		29
Nome dos participantes: Diego Enjamio Regueiro, Xeila Fernández Mera e Laura García Castro		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: Fai unha breve narración de como rehabilitamos un invernadoiro do noso centro para acondicionalo para as nosas actividades.		

Título: Xantar Climántico		30
Nome dos participantes: Juán Manuel Fuentes Esperón, Martín López Sánchez e Irene Maneiro Cuesta		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: Faise unha breve narración de como se desenvolveron os Xantares Climánticos no noso centro e do ben que o pasabamos neles.		

Título: La contaminación		31
Nome dos participantes: Leticia Ramos Regueiro		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: Cóntanos a súa visión persoal da contaminación.		




Título: A contaminación e nos		32
Nome dos participantes: Sabela Vázquez Rey		
Curso: 4º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: Narra cal é a influencia humana na contaminación.		

Título: El sentir hacia la contaminación		33
Nome dos participantes: Martiño Penas Vázquez		
Curso: 4º ESO	Modalidade: Narrativa	
Breve descripción: Fai unha narración sobre cales son os seus sentimentos cando se fala da contaminación.		

Título: Ataque Artístico Climático		34
Nome dos participantes: Aldara Castro Rico, Daniel Otero Pérez e David Cea Vázquez		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curtos	
Breve descripción: Amósase un montaxe do efecto invernadoiro e as consecuencias do desxeo que produce.		

Título: Lobo Gris (premiado)		35
Nome dos participantes: Álvaro Castro Cajade e Sergio Cea Ares		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Trata dun vídeo, con fotos do lobo gris que se atopa en perigo de extinción.		




Título: <i>O efecto invernadoiro</i>		36
Nome dos participantes: Diana Cotón Vázquez, Marta Lago Vázquez e Andrés Mosteiro Ortíz		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: A acción humana incrementa o CO2 na atmosfera que impide a saída da radiación calorífica que emite a superficie terrestre aumentando polo tanto o efecto invernadoiro natural.		

Título: <i>A deforestación</i>		37
Nome dos participantes: Damián Sesar Souto		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Fai unha breve representación dos efectos da deforestación, así como da acción humana como responsable dalgúns dos incendios forestais que se producen cada ano.		

Título: <i>Fúndome, vos afogádesvos</i>		38
Nome dos participantes: Xaquín Montero Vázquez, Uxío Pardo Rodríguez e Álvaro Castro Cajade		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Téntase representar o desxeo dos glaciares e o seu efecto, como causa da contaminación das fábricas.		

Título: <i>Cambio Climántico: O Desxeo</i>		39
Nome dos participantes: Silvia Duro Couso, Tamara Fernández Gil e Martina Amboage Pallas		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Representa o desxeo dos polos debido o quecemento global, efecto que é estudado polos científicos.		




Título: Telexornal Climántico (premiado)		40
Nome dos participantes: Rocio Mato Cajide, Estefanía Cotón Vázquez e Iván García López		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Mediante o formato dun telexornal, relátase que é o que ocorre co cambio climático.		

Título: Isto é inverno?		41
Nome dos participantes: Sergio Cea Ares, Rocío Ramos Lamela e Andrea Villar Paz		
Curso: 1º ESO	Modalidade: Curto	
Breve descripción: Faise unha representación de como trocou o inverno dentro da temática do cambio climático.		

Título: O ClimoRap		42
Nome dos participantes: Jonathan Sesar Pazos e Alfonso Carril Sánchez		
Curso: 3º ESO	Modalidade: Cancións	
Breve descripción: A acción humana está a estragar o planeta, e iso podemos evitalo "non penses que pode facer o planeta por ti, pensa que podes facer por ti polo planeta".		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



les de Arzúa

Rúa do Castro s/n Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 981 500 527 Fax: 981 500 615

e-correo: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdearzua/>

ANEXOS

Castro, A. ; Pardo, U.;
Montero, J.
IES de Arzúa

Pósters

A man do home na Terra



Alumno: Álvaro Castro Cajade, Uxío Pardo Rodríguez, Joaquín Montero Álvarez

Lema: A man do home na terra

Descrición:


Influencia da acción humana no medio natural, facendo unha análise comparativa empregando imaxes.

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Fernández, T.; Ambaje, M.;
Duro, S.
IES de Arzúa

• Pósters



O OSO POLAR

Alumno: Tamara Fernández Gil, Martina Ambaje Pallas, Silvia Duro Couso

Lema: O oso polar

Descrición:

Por culpa do desxeo os osos polares afogan na auga ou desaparecen

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1° ESO

Quinela, L.; Ramón, R.
IES de Arzúa

Pósters

KOALA



KOALAS

O koala é un marsupial arborícola e herbívoro. Según os resultados obtidos polo científico Iván Lawler, o incrementote do dióxido de carbono está provocando unha redución do nitróxeno e outros nutrientes contidos nas follas de eucaliptos como un aumento da toxinas chamada tanino.

Este proceso fai que os niveis de proteínas das follas baixen, o que obriga os koalas e a outros animais a buscar follas deste árbol máis pobres en nutrientes para sobrevivir. A cadea alimentaria está equilibrada dunha forma moi delicada, de ahí que un pequeno cambio pode ter consecuencias moi serias.

Os koalas como outros marsupiais, dependen casi exclusivamente dos eucaliptos para sobrevivir xa que lles aporta azúcares, almidón, graxas e proteínas. De feito, os grandes bosques destas árbores constitúen todo o seu hábitat.

O que estamos vendo, esencialmente, é que a dieta básica destes animais estase transformando en coito. A vida tornase extremadamente difícil para estes animais.

Nos que digamos gústanos os animais. Pola tv, cara dasas, focas co maltrato a os animais e e xante sen sentido. Nos o que queremos dicir con isto e que paremos XA. Por favor, colaborade

LUCÍA E ROCÍO

Alumno: Lucía Quintela Santos, Rocío Ramos Lamela

Lema: Koala

Centro: IES de Arzúa


Curso: 1º ESO

Descrición:

Hai moitos animais en perigo de extinción e nos eliximos o koala, pola súa relación co cambio climático

Taboada, M.; García, A.
IES de Arzúa

• Pósters



O Lobo cervical

O Lobo Cerval (Lince Ibérico) é un animal en perigo de extinción. O seu aspecto é moi semellante a un gato. O seu peso, se o Lobo Cerval é macho, é entre 12 e 14 Kg. e se é femia, está entre 8 e 10 Kg.
O sistema máis desenvolvido do Lobo Cerval é a visión.

-DISTRIBUCIÓN:

O Lobo Cerval só se encontra na Península Ibérica. A ameaza da súa extinción é pola falta de collos e a transformación do hábitat.

-SITUACIÓN ACTUAL:

Serras de Gata-Grandilla
Parque Nacional de Doñana
Montes de Tolosa
Serras Morena Oriental

Poboación total entre 300 e 520 individuos.

-INFLUENCIA DO CAMBIO CLIMÁTICO:

As especies están "suxetas a extinción" debido á perda dos hábitats e isto ten lugar a medida que nos comunidades se posúen novas situacións de desequilibrio. Na súa maioría serán extincións locais como podería suceder coas poboacións de Lobo Cerval nas Serras de Carleña Moreno ou en Doñana, pois a afectación do cambio climático é maior aquí que noutras zonas debido á súa situación de transformación entre as zonas subhúmedas mediterráneas e as zonas áridas e semáridas.
Asegurar un desenvolvemento sostible é o obxectivo da salvaxeza de biodiversidade, a llobo contra a erosión do solo e a desertificación e a prevención do cambio climático.

Alumno: Marta Taboada López, Alicia García Cascón


Lema: El Lince Ibérico

Descrición:

Hai moitos animais en perigo de extinción e nos eliximos o lince, pola súa relación co cambio climático


Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO



Ramos, C.; Puga, N.
IES de Arzúa

Pósters



Alumno: Carlos Ramos Fuentes, Noelia Puga Enjamio

Lema: O Desmán

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descrición:

O Desmán é un póster que explica a vida del e as súas características. Ademais das súas curiosidades. Como o Cambio climático inflúe na súa vida

Carrillo, K.; Taboada, A.
IES de Arzúa

Presentación



¿QUE LLE ESTAMOS
FACENDO O NOSO
PLANETA?

O fume das nosas fábricas



O lume que queima os nosos
montes



E convirteno en terra inerte



polución das nosas cidades



Os verquidos incontrolados



Están transformando o noso
planeta nun lugar inhóspito



A DEFORESTACIÓN

Alumno: Katia Carrillo Vázquez, Andrea Taboada Méndez


Lema: A deforestación

Centro: IES de Arzúa

Curso: 2º ESO

Descrición:

Vamos montar unha presentación en wordpad describindo a deforestación e a súa relación co Cambio Climático



Pereira, R.; Castro A.;
Ces, S.
IES de Arzúa

Pósters

OS LIQUES COMO BIOINDICADORES



Alumno: Rubén Pereira Rodríguez, Arantxa Castro Iglesias, Sara Ces Camino

Lema: Os liques como bioindicadores

Descripción:

Como a partires de pequenas observacións podemos ver o cambio do clima e a nosa influencia

Centro: IES de Arzúa

Curso: 3º ESO

Méndez, J.; Quintela, V.;
Allelén, M.
IES de Arzúa

• Pósters



Alumno: Jesica Méndez Lema, Vanesa Quintela Rivadulla, Marilina Allelén Pampín Basso

Lema: O mundo en relevo de hoxe en día

Descrición:

Un póster que representa a terra con relevo e un colaxe de fotos que mostra o cambio producido no noso planeta por este feito chamado Cambio Climático

Centro: IES de Arzúa

Curso: 4º ESO

Pereiro, O.; Vázquez, V.;
Pérez, M.J.
IES de Arzúa

Pósters



Alumno: Oscar Pereiro Carril, Vicente Vázquez Vidal, María Jesús Pérez Pena

Lema: Enerxía en cores

Descrición:

Plasmación nunha cartolina das diferentes enerxías renovables con estilo esperpentista. Inspiración dos queixos dos trivial

Centro: IES de Arzúa

Curso: 4º ESO

Cea, S.; Pardo, U.;
Castro, A.
IES de Arzúa

Cómic



Alumno: Sergio Cea Ares, Uxío Pardo Rodríguez, Álvaro Castro Cajade

Lema: Unha historia do cambio climático

Descrición:

É a historia narrada en primeira persoa dun planeta chamado terra, que está enfermo pola mala cabeza dos humás, o inimigo número un


Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Montero, X.
IES de Arzúa

Cómic

A contaminación das FÁBRICAS



Alumno: Xaquín Montero Vázquez

Lema: A Contaminación das fábricas

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descrición:

Ser máis responsables co medio ambiente



O CAMBIO CLIMÁTICO

Aí está o cambio climático,
Tan de présa e tan de sorpresa
E ti, esperáballo?
Vén arrastrando, pegando forte.

Aumentan as secas,
As augas enturban,
O xeo rómpese
E todo parece que muda.

Din que a culpa é nosa,
Porque provocamos incendios,
Que as fábricas afumean,
Que contaminamos os ríos...
Pero eu nada diso fago!

Pero si podoo axudar a diminuír estes efectos,
Eu poñerei todo o empeño
Intentarei reciclar, reducir e reutilizar.

E deste xeito todo
Mellorará.



Alumno: Patricia Villar Parrado

Lema: Cambio Climático

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descripción:

A diminución dos efectos negativos da contaminación



Castro, A.
IES de Arzúa

Poesía

Acróstico do cambio climático

Calor, moita calor
Arrecendede
Mal olor
Berrade Xa,
Imos con isto rematar
Odio ver contaminar!

Calor, moita calor
Lixo, montóns de lixo
Isto podémolo solucionar
Mais, aínda estamos a
tempo
Amigo meu,
Tenta probar
Isto é o noso lema:
Cambio climático
O ponte xa!



Alumno: Álvaro Castro Cajade

Lema: Acróstico co cambio climático

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descrición:

Grito desesperado que nos anima a rematar co cambio climático, manifestando co lema "Cambio climático oponte xa!"

Cea, S.
IES de Arzúa

Poesía



O bosque



AS ÁRBORES ESTÁN A FICAR
A TEMPERATURA SUBE,
PERO NON VOLVE A BAIXAR,
O BOSQUE ESTÁ A DESAPARECER.

QUÉN O ESTÁ A MATAR?
SERÁN AS NUBES,
SERÁ A AUGA,
SERÁN AS PERSOAS,
QUE O ESTÁN A QUEIMAR.

PORQUÉ, PORQUÉ, PORQUÉ!,
PORQUÉ ESTÁ A DESAPARECER.
QUÉ NOS FIXO EL?
CORTOUNOS, QUEIMOUNOS.

NON, EL DANOS OSÍXENO,
DANOS COMIDA.
É EL QUEN NOS DÁ A VIDA.

ASÍ QUE XA SABEMOS,
O BOSQUE HAI QUE COIDAR
ATA ACABAR A VIDA,
E LOGO A GUSTO FICAR.

Alumno: Sergio Cea Ares

Lema: O Bosque

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descrición:

Quero evitar a queima, seca e tala do bosque



Ramos, L.
IES de Arzúa

Poesía

A CHOIVA

Un día na escola,
comezou a chover,
e todos escoitamos
as pingueiras caer.

Miramos polas fiestras,
e vimos os verdes prados,
exclamaron as mestras:
comezan a estar mollados!

Durante un intre,
parou de chover,
quedamos sen auga
coma da outra vez.

Os ríos e fontes secan,
con falta de choiva están,
cando esta apareza,
todos ledos estarán.



Alumno: Leticia Ramos Agra

Lema: A Choiva

Centro: IES de Arzúa


Curso: 1º ESO

Descrición:

É preciosa a choiva para o ecosistema



SÊCANSE AS FONTES E DESTRÚENSE AS PONTES



Neste programa de “vida en perigo” desde Marte imos contactar con dúas persoas da Terra: Cuy e Moskis.

Contactamos con Cuy desde Galiza que nos contará que pasa.

- Ola. Veño dicir que estou destrozado. Secáronme as colleitas, non podo prantar máis, non hai auga dabondo, aos animais

non lle quedan folgos e a min tampouco. Estanse abrindo fendas, quedamos sen prantas, a súa vez sen aire; imos morrer sen remedio nesta terra desfeita. ¡¿Qué é isto, ven un montón de auga?, ¡non!, ¡leva a cas, a colleita, o abono, lévame a min! ¡Ah! Glup, glup, glup.

Perdimos o contacto con Cuy, pasemos a Moskis desde a Antártida

- Esta é a fin. Fai uns segundos o sol era tan forte que o xeo empezou a desxearse, levouse aos animais, a miña casa e ao resto do mundo.

Agora retrocedamos no tempo e miremos que pasaría se non houberse cambio climático.

Aí está Cuy.

- ¡Bufl!. Como chove, pero a terra ea colleita están ben servidas.

- Agora contactemos con Moskis que se encontra en...¿Miami? ¡Bufl!. Fixen ben en mudarme da Antártida. Co frío que facía...

-E isto é o que pasaría se os terrestres foran máis responsables.

Alumno: Daniel Otero Pérez

Lema: Falta de responsabilidade

Centro: IES de Arzúa

Curso: 1º ESO

Descrición:

Historia para darnos conta de que somos uns irresponsables e se o seguimos sendo o planeta morrerá



Fuentes, C.R.:
IES de Arzúa

Narrativa

Os Elementos e a CONTAMINACIÓN

